

Para comezar vou a explicar unha das actividades que máis me gustou na nosa estancia en Brighton, que foi a visita a Falmer School. Para min, este foi o día que mellor aproveitamos de todos, xa que estivemos toda longa mañá inglesa facendo distintas actividades, todas moi interesantes e divertidas nas que penso que todos aprendimos bastante, xa que ademais pasamos todo o día cos ingleses. Antes de comezar o as clases separáronnos en grupos, e eu ía cuns compañeiros de aquí, e logo con Asley, Benny, Luke, Emily e Jenna, aínda que elas só estiveron con nós 2 ou 3 horas. Se teño que escoller a miña actividade favorita dentro do instituto, escollo a de cociña, xa que foi moi entretida e divertida, e na que ademais cociñamos unha boa tarta de chocolate na hora escasa que tivemos para facela. Tamén me gustou moito a clase que tivemos de música, na que primeiro aprendimos a baular un pouco o “cha cha cha”, e logo por parellas, fixemos unha pequena competición entre os que estabamos no grupo, que foi moi graciosa. Eu que ía con Aixa, quedei nunha digna segunda posición. Na segunda metade da clase fumos a aula de música, que lle da mil voltas a aula que temos aquí, a tocar unha pequena partitura nos teclados todos xuntos, e logo graváronnos. Outra actividade que non estivo mal foi a de drama, na que fixemos distintos xogos, que para nós serían para nenos, pero ó estar en inglés, nalgúns deles aínda nos costaba xogalos ben para poder gañar. Outra actividade que tamén tivemos foi unha clase de español, na que só falamos español durante 10 minutos, e vimos que o único que se defende un pouco neste idioma era Ashley, que ademais era moi gracioso. No resto da clase fumos ós ordenadores a ver e escribir frases graciosas en inglés e español sobre as fotos que teñen de cando viñeron a España. Antes de volver para cear tivemos unha actividade extraescolar a escoller, e na que eu fun xogar ao baloncesto con outros compañeiros de aquí, e na que xogamos primeiro un partido contra os ingleses, que nos metían unha paliza, e logo outro mezclados, no que polo menos neste eu xa gañei. Con esto rematamos o noso día no seu instituto

Agora vou a comentar a actividade que menos me gustou, que foi a visita a Seven Sisters. Escollo esta non porque sexa a peor, se non porque ese tempo que tivemos foi moi malo, vento chuvia... ademais ese día era o día que tiñamos que máis tiñamos que andar, polo que a excursión tivo que cancelarse despois de comer. Ese día pola tarde fumos xogar ó boleipraia no único recuncho que había en toda a praia con area. Esta actividade non estivo nada mal. Finalmente volvimos ó hotel

Puntuación das actividades: (1-10)

- Newhaven Fort: 7
- Stanmer Park: 8,5
- Seven Sisters: 5
- Voleipraia: 8
- Royal Pavillion: 8
- Brighton Museum: 5
- Circuito por Brighton: 7,5
- Cricket: 8
- Falmer High School: 10
- Lewes: 8

- Valoración das actividades en Galicia.

En Galicia, a actividade que máis me gustou foi a visita a Lugo. Foi, xunto ó día da excursión pola costa, unha das actividades máis completas e menos aburridas de todas, ademais ese día estivemos cos ingleses. Alí visitásemos distintos museos sobre a época romana, que estaban moi ben, eran moi modernos, e o resto do día estivemos andando pola cidade alternando ratos libres con visitas a distintos museos ou catedrais. Alí comemos nunha praza e tivemos bastante tempo libre. Ao anoitecer chegamos a Brión, e aínda tivemos tempo para estar media hora nas pistas da urbanización.

- A actividade que menos me gustou foi o o “tour” por Brión, xa que para nós non había nada novo, e para os ingleses era bastante aburrido, e para algún que outro, que parecía que nunca veran unha vaca, desagradable, polo feito de que cheiraba a esterco. De todas maneiras, en Galicia non tivemos ningún día no que non o pasáramos ben.

-

- Puntuación das actividades:

- Visita aos tellados da catedral: 7

- Un día pola costa: 9

- Día no instituto cos ingleses: 7

- Fin de semana: 10

- Festa de despedida: 9

-

- A miña valoración sobre a estancia de Valters na miña casa é moi boa. Dende o primeiro día falei sen ningún problema con el, e ademais sempre nos entendíamos sen ningún problema, polo que o tema do idioma non foi nunca un problema. Ademais levámonos moi ben dende o primeiro día, case todos os días quedamos con outros amigos para ir xogar as pistas, e nin eu nin a miña familia tivemos ningún problema con el na casa.

-

-

- A miña valoración sobre o meu comportamento e traballo durante o intercambio penso que non foi malo, aínda que entendo que sempre podía ser mellorable polo feito de intentar falar máis inglés cos compañeiros de aquí, xa que cos ingleses non había outro remedio. De todas maneiras notei que o meu inglés mellorou, sobre todo no seu uso, sobre todo polo feito de falar tanto cos ingleses. En canto ó meu comportamento, aquí en Galicia penso que ó comezo nos deixamos levar algo polo comportamento que tiñan os ingleses, que non era moi bo, pero penso que cos días o melloramos bastante. En Inglaterra penso que non nos portamos mal, sobre todo en Londres, onde quitando o primeiro día non tivemos ningún problema, e en Brighton penso que tampouco nos portamos mal. En canto ó meu traballo ó longo do intercambio penso que foi bo, dende o principio, fai uns cantos meses, onde xa empezamos a preparalo, ata a nosa estancia en Inglaterra, onde fixen e levaba ó día todos os traballos que tiñamos que facer.

-

-

- 
- A miña valoración sobre os profesores é sinceramente boa, xa que ó longo do intercambio non estiveron moi exstrictos con nos, como pensábamos antes de empezar o intercambio, e creo que a cambio o noso comportamento foi bo. Ademais entendemos que foi difícil levar algunhas situacións como o accidente de Sabela, polo que penso que fixeron un bo traballo.
- Por último a miña valoración xeral. Como fun dicindo ó longo desta redacción, a miña valoración é moi boa. Antes de comezar o intercambio non pensaba que foramos a aproveitalo tanto e ao mesmo tempo a pasalo tan ben. Aquí en Galicia o feito de ter os ingleses nas casa foi un punto moi positivo polo menos para min, e creo que o resto pensan o mesmo. Os ingleses marcharon de Galicia moi contentos polo que penso que aquí fixemos un bo traballos. Alí en Inglaterra incluso todo foi mellor. Vimos case todo Londres, aprendimos moito ingles, sobre todo a usalo en distintas situacións cotidiáns, e en Brighton o feito de estar case todos os días cos ingleses, fixo que faláramos bastante máis en ingles que en Londres, ademais pasámolo moi ben na semana que estivemos alí.